

Curso de guitarra con Àlex Garrobé

Concerto: día 3 de abril de 2019,
20:15 horas (entrada libre)

Curso: días 4 e 5 de abril,
de 10:00 a 20:00 horas

Auditorio do CMUS Santiago

COLABORAN:



INSCRICIÓN:

(mandar estes datos no mail, non no pdf)

Nome _____

Apelidos _____

Data nacemento _____

Dirección _____

Teléfono _____

Mail _____

Obras a traballar (só activas/os) _____

Preferencia: mañá/tarde _____

ORGANIZACIÓN

Departamento de Guitarra

CMUS Santiago

Av. Monte dos Postes S/N 15703 Santiago

Xosé Antonio Rodríguez

Tlfno.: 665 262546

Mail: xaramais@gmail.com

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA





Àlex Garrobé ofrece recitais e concertos con regularidade en máis de corenta países, actuando en auditorios como o Concertgebouw de Amsterdam, Auditorio Nacional de Madrid, Auditorio de Radio France en París, Ópera de Estambul ou o Auditorio do século XXI en Pequín. Obtivo os primeiros premios no Concurso Internacional Infanta Cristina (Fundación Guerrero 1989) e no Concurso Nacional Permanente JJMM (1988). Colabora frecuentemente con numerosas orquestras interpretando os principais concertos do repertorio guitarístico. Actuou como solista con formacións como a Sinfónica

de Madrid, Royal Oman Symphony Orchestra, Wuttembergische Philharmonie, Sinfónica de Baleares, Sinfónica de Barcelona Nacional de Catalunya, Sinfónica del Vallés, Orquesta de Cámara Nacional de Andorra, Orquesta de Cámara do Palau de la Música Catalana, o grupo instrumental Barcelona 216, Orquesta de Cámara do Grande Teatro do Liceu, Orquesta do Conservatorio de La Paz, Lublin Symphony, Philharmonia das Beiras, Tempere Chamber Orchestra, Lebanese National Symphony Orchestra ou a Sinfónica de Medellín entre outras.

Gravou oito CDs para os selos Harmonia Mundi, Naxos, Ópera Tres, Columna Música e J.S. Records prestando especial atención ao repertorio do século XX pouco interpretado. O seu interese pola música actual foi o alicerce para estrear vivversos concertos para guitarra, como Mare Nostrum (1999) de Salvador Brotons, ...di un soffio d'aura (2010) de Agustín Charles ou o Concerto de Petrer (2014) de Simonne Ianarelli. Tamén foi o destinatario de obras de compositores como Marco Smaili, Manuel García Morante, Gerard Drozd ou Stein Eide.

Doutor en Historia da Arte e Musicoloxía pola UAB, exerce como profesor de guitarra e música de cámara na Escola Superior de Música de Catalunya. Foi tamén profesor de Musikene e do Conservatorio Superior de les Illes Balears.

Con regularidade é convidado a ofrecer concertos, conferencias e clases maxistras en institucións musicais e universidades de Alemaña, Bolivia, Brasil, Chile, China, Colombia, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Holanda, Rusia e moitos outros países.

MATRÍCULA

Activos (alumnado do CMUS): 60 €

Activos (de fóra do CMUS): 100 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min. entre os días 4 e 5 de abril, en horario de mañá ou tarde. O departamento de Guitarra organizará os horarios do curso e concerto, respectando na medida do posible a dispoñibilidade dos matriculados. Recoméndase facer constar as preferencias horarias no mail ao enviar o formulario.

As prazas adxudícaranse por orde de chegada dos formularios, que **deberán vir acompañados do resgardo** de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida.

O número de prazas para activos é de 10. A inscrición pecharase o día 29 de marzo de 2019, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes.

Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado.